



**RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA, DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, POLA QUE SE APROBA A LISTA DE RESERVA DOS PROXECTOS DIXITAIS DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO REPOSITORIO DE PROXECTOS TECE REDES EN GALEGO, AO ABEIRO DO FONDO DE PROXECTOS CULTURAIS XACOBEO 2021-2022 (Fondo Xacobeo 2021-2022)**

**Lista de reserva da modalidade de proxectos dixitais:**

**a) Proxectos dixitais puros**

**b) Proxectos mixtos (combinación dixital-presencial)**

**I. FEITOS**

1. Mediante a Resolución do 4 de abril de 2022 da Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (na actualidade, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades), aprobáronse as bases da primeira convocatoria do repositorio de proxectos TeCe Redes en galego, ao abeiro do Fondo Xacobeo 2021-2022 (en adiante, repositorio TeCe Redes en galego), que foron publicadas o 8 de abril de 2022 na páxina web:

[https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/\\_/Outras/convocatoria\\_0001/](https://www.lingua.gal/a-secretaria-xeral/convocatorias/_/Outras/convocatoria_0001/)

Segundo o previsto na base décimo sétima, 2 da convocatoria, o órgano competente para a resolución do procedemento tamén publicará, ademais da resolución de selección de proxectos, unha **lista de reserva**, de ser o caso, para cada modalidade que conterá a relación de todos os proxectos da modalidade **dixital** (puros e mixtos) que cumpran os requisitos e as condicións das bases da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego e que non fosen seleccionados por esgotamento do crédito asignado para a tramitación do procedemento.

2. A permanencia na **lista de reserva** só xerará, en favor das persoas titulares dos proxectos desta lista, o dereito á posibilidade de continuar o procedemento para a adjudicación dun contrato menor para o repositorio TeCe Redes en galego durante o exercicio orzamentario 2022 naqueles casos en que as persoas titulares doutros proxectos seleccionados con maior





puntuación ata o límite da asignación orzamentaria renunciando á adxudicación ou ben se se amplía o orzamento da convocatoria inicial na forma prevista na base décimo terceira, 2.

## II. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

1. No que se refire á publicación da lista de reserva, será de aplicación a base décimo sétima da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego.

2. Aplicaranse os principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia, non discriminación e igualdade de trato entre participantes, segundo o previsto no artigo 1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e nas previsións normativas que resulten de aplicación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e doutras normas complementarias.

Polo exposto, a proposta da Comisión Técnica de Valoración de proxectos da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego,

### RESOLVO:

**Aprobar** con carácter definitivo a **lista de reserva** da modalidade de **proxectos dixitais**, que conterá a relación dos proxectos dixitais puros e dos proxectos mixtos (que combinan o formato dixital e presencial) que cumpran os requisitos e as condicións da primeira convocatoria do repositorio TeCe Redes en galego e que non fosen seleccionados por esgotamento do crédito asignado para a tramitación do procedemento.

**Os proxectos da lista de reserva poderanse consultar no anexo desta resolución.**

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela documento

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

